

PLAN DIXITAL

CPR San José

[Versión 2.0_ setembro 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Denominación: CPR San José

Código de centro: 36006675

Enderezo: Rúa Princesa 1 36002 Pontevedra

Teléfono: 986861990/650869147

Correo electrónico: cpr.sanjose.pontevedra@edu.xunta.gal

Páxina web: www.cprsanjose.es

Etapas educativas: Educación infantil e Educación Primaria

Unidades: 3 Educación Infantil e 6 de Educación Primaria

Alumnado Educación Infantil: 45 alumnos/as

Alumnado Educación Primaria: 119 alumnos/as

Alumnado total de Centro: 164 alumnos/as

Número total de profesorado: 12 profesores/as

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O centro está localizado na zona vella da nosa cidade, recibindo alumnado procedente de todas as áreas incluso de concellos limítrofes. O centro conta cunha liña concertada de educación primaria e unha de educación infantil, cun nivel alto de alumnado e polo tanto formando unha gran familia. Noso centro responde á necesidade dunha oferta educativa de calidade, con formación e atención individualizada, nun ambiente acoledor e familiar.

Predominan as familias de clase media e media alta, aínda que nestes momentos, debido á crise que se está a vivir, moitas foron afectadas pola situación. Unha das características que mellor define ao noso alumnado é a heteroxeneidade, tanto no nivel socioeconómico, como no cultural e educativo. O alumnado intégrase dende a súa chegada ao centro, sendo un referente importante, ademais participa de maneira activa nas actividades organizadas, tanto en educación formal como non formal. As familias tamén teñen un grado de participación alta no centro, tanto en actividades como na relación co profesor-titor.

Valorando a realidade contextual do centro, as súas características, os intereses xerais, e as necesidades individuais do noso alumnado, as demandas das familias e os recursos e medios cos que contamos, orientamos a nosa intervención educativa a ofrecer unha ensinanza de calidade.

A situación da pandemia e o peche dos centros educativos fixeron que a integración das tecnoloxías ao noso proceso de ensinanza aprendizaxe se vira acelerada de maneira potencial. Somos conscientes da labor e o tempo dedicado pola comunidade educativa, en especial polas familias e o profesorado, que en continua unión fixeron que unha ensinanza a distancia fose posible e ademais produtiva.

Noso centro deu resposta ás necesidades e ás demandas das familias e así formou alumnos e alumnas coas competencias necesarias que lles proporcionan un desenvolvemento correcto nun entorno dixitalizado. Desenvolvéronse e elaboráronse marcos de acción referentes ao uso das novas tecnoloxías, relacionados con cuestións organizativas, pedagóxicas e propias da ensinanza regulada.

O Plan Dixital de Centro, servirá como referencia a toda a comunidade educativa e como plan de mellora integral para unha integración real e axeitada das novas tecnoloxías na educación do noso alumnado. Segue sendo un obxectivo primordial a incorporación do alumnado á vida real e á sociedade, e é por iso que a nosa resposta debe ser axustada a esas necesidades da vida cotiá e mais tarde laboral.

A clave do PD non estará na incorporación de equipamentos en certas partes do centro, que tamén, ni nunha alfabetización tecnolóxica, sino en cambios pedagóxicos que favorezan a boa aplicación das tecnoloxías en cada unha das competencias, manexando e transformando o coñecemento significativo; a utilización de recursos innovadores por parte do profesorado con aplicacións didácticas diferentes, buscando a interconexión directa entre a comunidade educativa. Estableceranse accións específicas de acordo a cada circunstancia, necesidade e demanda.

O noso PDC será un instrumento que se integre dentro do Proxecto Educativo e formará parte do desenvolvemento da PXA. Desenvolverase nos ámbitos de organización de centro, de información e comunicación e dos procesos de ensinanza aprendizaxe.

A finalidade dun centro educativo é que o alumnado aprenda, se forme e se desenvolva como individuo na sociedade, en consonancia, a propia organización mellorará a través da práctica. O PDC encaixa no contexto institucional mais amplo que veñen recollidos no Proxecto Educativo e ambos documentos estarán en total consonancia e serán totalmente complementarios.

Dende fai varios anos o centro foi introducindo programas relacionados cas novas tecnoloxías, por exemplo a participación do último ciclo de primaria en Digicraft, o uso de portátiles e tablets para o traballo competencial colaborativo na aula, instalación de ordenadores de bosquejo, formación do profesorado en desenvolvemento das TIC na aula, mellora do aula virtual...

Este PDC propón recoller as actuacións para a mellora de actuacións da competencia dixital do centro en todos os sectores da comunidade educativa. O proceso de desenvolvemento e difusión das tecnoloxías é imparable. Tanto para a mellora dos procesos educativos que ocorren fora ou dentro da aula, como para aqueles procesos que contribúen a que o centro cumpra a súa función formativa, consolidando os recursos, ferramentas e servizos. Por este motivo é necesario que se aborde a tecnoloxía dende unha maneira global atendendo e deseñando o plan de centro, mediante a supervisión do equipo directivo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A nivel xeral, o novo currículo de educación primaria introduce o marco legal que concede un carácter preceptivo ao uso das TIC mais alá do fenómeno social, económico ou cultural no que nos atopamos e se atopa o noso alumnado. A competencia do tratamento de información e a competencia dixital que consiste esencialmente en dispoñer de habilidades de buscar, obter, procesar e comunicar a información, e para transformala despois en coñecemento.

Polo tanto, o dominio e a alfabetización TIC convértese nunha técnica instrumental imprescindible. Ademais, a natureza complexa e globalizadora da competencia dixital contribúe o desenvolvemento do resto de competencias clave, especialmente a competencia en comunicación lingüística, competencia social e competencia de aprender a aprender.

Ademais, as posibilidades didácticas e pedagóxicas que nos ofrece o acceso e a xestión da información e do coñecemento, conceden a esta competencia un peso específico como eixe transversal dentro da actividade docente.

Todo exige transformacións que afectan á globalización do proceso educativo nos seus aspectos metodolóxicos, organizativos, de xestión e curriculares. É precisamente esta transcendencia global das novas tecnoloxías o que xustifica a confección deste plan como referencia que recolla e regule todos os aspectos concernentes a dita transformación dixital no centro.

Ademais, si atendemos ao recollido na LO 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola lei Orgánica do 3/2020 de 29 de decembro, establece no seu artigo 2.1 como un dos fins do sistema educativo español, a capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e no aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía de intimidade individual e colectiva. Ademais, no seu artigo 19, dispón como un dos principios pedagóxicos que, sen prexuízo do seu tratamento específicos en algunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunidade audiovisual, competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballarán en todas as áreas. No artigo 102, con respecto a formación permanente recolle que as Administracións educativas promoverán a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e a formación dixital nas linguas estranxeiras de todo o profesorado, independentemente da especialidade, establecendo programas específicos de información nestes ámbitos.

Finalmente, no seu artigo 111bis, establece diferentes aspectos sobre as tecnoloxías de información e a comunicación no proceso de ensinanza aprendizaxe e no seu artigo 121 di que o Proxecto educativo de centro recollerá ademais a estratexia dixital de centro, de acordo co establecido no artigo 111bis.5.

Seguindo a disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI e EP, deberán desenvolver as accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado, necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial, ou de ser o caso, non presencial, co fin de que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensino e aprendizaxe en calquera dos posibles escenarios e asegurarse a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas. Entre as medidas que se tomarán estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de varias competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, as

actividades que requiran autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo.

O emprego dunha metodoloxía didáctica e de recursos que permitan o deseño de actividades educativas que se poidan desenvolver de forma presencial e, de ser o caso, non presencial, ademais de ter un carácter práctico e potenciar o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

Os procedementos e instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel de competencia acadado polo alumnado, adecuándose ás modalidades de ensino presencial e, de ser o caso, non presencial, ademais as adaptacións necesarias que a docencia non presencial poida requirir teranse en conta en todo momento.

Seguindo a resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes e en liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de educación Dixital, se perseguirá a transformación dixital do centro cunha organización permanente para que sexa dixitalmente competente no proceso de ensinanza aprendizaxe, na xestión e na relación da comunidade educativa. Realizarase, seguindo as normas establecidas no artigo terceiro da devandita lei, unha diagnose inicial do centro, un plan de acción e unha avaliación final do mesmo.

1.4. Proceso de elaboración

O presente PDC é un plan aberto e flexible que foi creado á demanda, coas dificultades e as aportacións de todo o claustro do centro. A comunicación co coordinador TIC, e por medio do equipo de dinamización do Plan Dixital do Centro, formado pola directora do centro, a secretaria, unha profesora representante de educación primaria (titora de 4º EP) e unha representante de educación infantil (titora de 4º EI e coordinadora TIC do centro), foi continuada e foi a suficiente para poñer en coñecemento do equipo da necesidade e desexo de suprimir barreiras tecnolóxicas e atopar a perfección. As propostas foron expostas, meditadas, estudadas e finalmente consensuadas para chegar a formación e elaboración final do Plan.

Todo o claustro puido compartir todas as súas ideas, recursos, valoracións, actividades, necesidades... e todas foron estabilizadas e canalizadas para desenvolver e innovar a metodoloxía tecnolóxica diaria.

O deseño do PDC recolle as ideas principais que avalía SELFIE, determinando as prioridades e establecendo os distintos niveis de planificación como son os programas, os proxectos e as accións; estes marcarán o plan de traballo do centro no seu proceso de cambio e posterior mellora, en definitiva, unha boa estratexia para a mellor dixitalización do noso centro. Ademais recolle as propostas do e o nivel de competencia dixital marcado polo profesorado no desenvolvemento do CDD, así como o exposto no DAFO realizado antes do comezo do Plan.

O coordinador TIC, que realizou o curso Adix, foi o encargado base do plan debido a súa formación concreta sobre a xestión e elaboración deste documento, xunto a el os outros membros do equipo de dinamización dixital deseñaron a posterior implantación do PD no centro, tanto dende a responsabilidade que esta formación lles aporta, como pola capacidade de mobilizar os recursos da organización e liderazgo necesario para permitir o cambio.

Coa participación do equipo directivo, o profesorado e o alumnado do terceiro ciclo de primaria, conseguimos que todos os estamentos da comunidade educativa, a excepción dos pais, nais ou titores legais, formasen parte da elaboración do Plan Dixital de Centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Para levar a cabo noso PDC o centro dispón dos seguintes recursos:

- * Ordenador portátil por aula.
- * Conexión a internet en todas as aulas.
- * Pizarra dixital por aula.
- * 2 fotocopiadoras a color (unha para administración e outra para profesorado).
- * Canón proxector por aula.
- * Altosfalantes en todas as aulas.
- * 25 tablets (compartidas polos distintos cursos).
- * Ordenador na sala de profesores para traballo do profesorado.
- * Ordenador no despacho de dirección para o traballo do equipo directivo.
- * Programas educativos das distintas áreas e ciclos
- * Aula virtual para o alumnado de primaria.
- * Megafonía móvil.

O centro dispón de dúas conexións á rede, unha exclusiva para a administración e outra para a docencia. A rede de administración so ten tomas de rede cableadas na sala de profesores e na dirección do centro. Na rede de docencia están cableadas tódalas aulas con dúas tomas de rede, e dispóñense catro puntos de acceso para que a rede sen fíos chegue a tódalas aulas. O centro ademais conta cun servidor propio onde se atopa o moodle da aula virtual propia.

A conexión en ambas liñas é por fibra simétrica con conexión a fibra óptica, cunha velocidade de conexión á rede de 1 Gbs simétricos.

Na aula de biblioteca e música, sala de uso compartido, contamos cun ordenador de sobremesa, unha pizarra dixital e un canón proxector.

Na aula de educación física contamos cun portátil.

En canto aos servizos dixitais educativos do centro debemos destacar:

- Páxina Web: <http://colegiosanjosepontevedra.es/>
- Aula virtual: <https://aulae.cprsanjose.es/>
- Abalarmóbil
- Programa Digicraft: Alumnado de 5º e 6º de primaria.
- Blog de centro: <http://colegiosanjoseponte.blogspot.com/>
- Blog de biblioteca: <http://nuestrorincondeaventuras.blogspot.com/>
- Blog proxecto deportivo: <https://proxectodeportivocprsanjose.blogspot.com/>
- Blog alimentación saudable: <https://alimentacionsaludablecprsanjose.blogspot.com/>
- Blog actividades extraescolares:
<http://colegiosanjosepontextraescolares.blogspot.com/>
- Instagram: colegiosanjosepontevedra

O mantemento do equipamento é levado a cabo polo equipo TIC e por unha empresa externa ao centro.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3.4				
	Profesorado	3.1				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.3				
	Profesorado	3.3				
	Alumnado	4.3				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.7				
	Profesorado	3.6				
	Alumnado	4.7				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.1				
	Profesorado	3.2				
	Alumnado	4				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2.8				
	Profesorado	2.6				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2.5				
	Profesorado	3.4				
	Alumnado	4.2				

Tras a aplicación da ferramenta SELFIE, e observando todos os datos obtidos, hai unha homoxeneidade nas respostas de profesorado e equipo directivo. O centro esta ben conectado e os recursos en canto a dispositivos e modalidades de ensinanza están acordes as necesidades establecidas polos estamentos escolares.

Moi positiva é tamén a valoración do alumnado, resultados que nos indican que o traballo que esta realizando o centro no desenvolvemento das TIC vai no bo camiño. O equipo directivo (tanto o anterior como este) están a traballar a reo para que o profesorado e o alumnado desenvolvan a didáctica tecnolóxica e a nosa comunidade teña mellor puntuación.

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	11	12	91,7%
PROVISIONAL	0	0	0%
INTERINO	0	0	0%
SUBSTITUTO	0	1	0%
DESPRAZADO	0	0	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
76,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	80,6	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	75	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	9,1%
A2	4	36,4%
B1	2	18,2%
B2	3	27,3%
C1	1	9,1%
C2	0	0%
TOTAL	11	100,1%

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Existen pantallas dixitais táctiles e canón en todas as aulas. Acceso a internet wifi e por cable en todas as aulas. Asistencia técnica diaria. Recursos educativos online. Tablets para desenvolvemento pedagóxico nas aulas. Punto de información dixital na biblioteca escolar. Ordenadores de traballo individual en quinto e sexto de primaria. Ordenadores individuais para o traballo do profesorado.	Non existen suficientes dispositivos móbiles para utilizar en todas as situacións onde se desexaría. Non suficientes postos de información de uso libre na biblioteca escolar. Insuficientes postos directos de uso do alumnado para o desenvolvemento das TIC.
	PERSOAL DOCENTE	Actitude positiva do profesorado no uso das TIC. Utilización e bosquejo de recursos educativos en internet. Utilización de medios dixitais para comunicación do centro aos distintos estamentos da comunidade educativo.	Falta de maior formación do profesorado na utilización das TIC. Falta de desenvolvemento da estratexia dixital. Non avaliación dos nosos propios progresos en materia de ensinanza aprendizaxe nas TIC. Falta de cooperación dixital no centro. Falta de recoñecemento no traballo axeno. Falta de formación interna do centro nas novas tecnoloxías.
	PERSOAL NON DOCENTE	O centro non ten persoal non docente.	O centro non ten persoal non docente.
	ALUMNADO	Actuación responsable e de respecto cara os demais no uso das TIC. Comunicación por medio das diferentes vías dadas dende o centro no ámbito tecnolóxico. Respecto polo traballo dixital de todos.	Falta de retroalimentación e autoavaliación tecnolóxica. Falta de aprendizaxe en contidos dixitais. Falta de aprendizaxe en momento de resolución de problemas dixitais. No utilización das novas tecnoloxías na casa para o traballo escolar. Problemas de conectividade fora do centro.
	FAMILIAS	Proporcionan ao alumnado dispositivos de traballo na casa. Comunicación continuada por medio das novas tecnoloxías co centro.	Escaso coñecemento de resolución de problemas tecnolóxicos. Problemas de conectividade fora do centro.
	OFERTA	Comunicación dixital con toda a comunidade educativa. Plataformas dixitais: Web de centro, blog de centro, blog deportivo, blog alimentación saudable, blog biblioteca escolar. Aula Virtual para o alumnado. Oferta de libros dixitais das distintas materias e competencias. Novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.	Falta de avaliación das capacidades desenvoltas fora do centro. Necesidade de oferta real dixital dentro e fóra do centro. Implantación total da Aula Virtual. Ampliación da implantación de novas formas de ensinanza con tecnoloxías dixitais.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Organización de horarios para o traballo nas novas tecnoloxías. Organización no uso dos distintos medios móbiles que ten o centro para uso co alumnado na aula. Organización e difusión de cursos dentro e fora do centro para o aprendizaxe do profesorado no desenvolvemento das TIC. Vivir nunha era dixital.	Necesidade dunha estratexia dixital e limitacións no espazo escolar.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Apoio da administración educativa con formación concreta aos coordinadores TIC. Relación e coordinación con equipo TIC.	Desencanto do profesorado por imposición de cambio dende a administración. Carga administrativa ao longo de todo o curso. Falta de exemplos concretos para a realización e avance dos plans tecnolóxicos.
	LEXISLACIÓN	Avance e cambios na lexislación vixente: Plan dixital	
	CONTORNA	Unión entre profesorado para elaboración e avance das estratexias dixitais de centro. Comunidade educativa consciente da necesidade de avanzar na era dixital.	Non comunicación entre entidades educativas para maior desenvolvemento coordinado do Plan Dixital.
	ANPA	O centro non ten ANPA.	

	OUTRAS ENTIDADES	Entidades colaboradoras en formación para un desenvolvemento pleno da vida dixital.	Falta de apoio económico. Falta de apoio de entidades cercanas ao centro.
--	-------------------------	---	--

3. Plan de Acción

Comunicación:

En xeral o centro conta con bastantes sistemas de comunicación, aínda que sempre estarase pendente de mellorar. A comunicación coas familias faise por correo electrónico directo dos titores coas familias. Toda a información relevante do centro é colgada na páxina web e no blog de centro, estando continuamente actualizada. Nos seguintes anos traballarase para determinar melloras neste medio, accedendo a blogs e redes sociais.

Nos posteriores anos valorarase o uso de abalar como comunicación directa de titores e familias. Xa se traballa con esta aplicación para notificacións de centro ou curso.

Desenvolvemento profesional docente:

Formarase ao profesorado no uso das ferramentas TIC e a súa aplicación pedagóxica e metodolóxica nas clases lectivas. A nivel de centro as actualizacións en páxina web e redes sociais existentes é levado polo equipo TIC, polo que se xeran en todo momento actualizacións.

Realizarase unha enquisa ao comezo de curso, tanto a docentes como a alumnado, sobre o interese das TIC e a súa aplicación, para deseñar un plan formativo concreto. Tamén se realizarán seguimentos diarios de peticións por medio do coordinador TIC por si fora necesario realizar cambios durante o curso escolar.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos xerais do PDC preséntase coma un recurso a disposición do profesorado encamiñado a potenciar a utilización das novas tecnoloxías, como unha ferramenta mais do proceso de ensinanza aprendizaxe, ademais de desenvolver no alumnado aquelas competencias necesarias para que utilicen as novas tecnoloxías de maneira axeitada e segura.

A finalidade deste plan é converter as TIC na ferramenta eficaz en mans de docentes e alumnado, así como das familias da comunidade educativa., aumentando así a calidade da educación ofertada.

Obxectivos xerais:

Potenciar o emprego das TIC e integralas coma un recurso mais.

Impulsar a utilización das TIC por parte do profesado nas súas tarefas xerais de centro.

Potenciar a comunicación coa comunidade educativa e a súa contorna.

Informar das distintas posibilidades TIC, programas informáticos...

Xestionar e optimizar o uso dos recursos tecnolóxicos do centro mediante a revisión e o mantemento dos equipos.

Dispoñer de infraestructuras necesarias para a integración real e efectiva das TIC, que permita o tratamento didáctico, o intercambio de materiais e experiencias educativas, o acceso á comunidade educativa á información, a documentación e a optimización da xestión administrativa e académica do centro.

Facilitar o acceso á información e documentación e servizos que ofrecen nas redes.

Área/s de mellora: Liderado							
OBXECTIVO 1: (1)	Promover o uso da ferramenta Abalar como comunicación entre familias e o centro.					Acadado	
Responsable:	Equipo directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxes de comunicacións realizadas por parte dos titores e do equipo directivo.						
Valor de partida: (3)	10% equipo directivo 3% titores						
Valor previsto e data: (4)	80% equipo directivo 80% titores				Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO1.1: Creación de grupos de traballo baseados na aprendizaxe do programa Abalar.	Equipo directivo Coordinador TIC	Setembro 2022				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Formación do profesorado no programa Abalar	Grupo de traballo	Decembro 2022	Dispositivos informáticos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: Envío de publicación periódicas cara as familias.	Equipo directivo Titores	Xuño 2023	Dispositivos informáticos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: Infraestructuras e equipamentos							
OBXECTIVO 2: (1)	Actualizar e ampliar os dispositivos dixitais da biblioteca					Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e Coordinador TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxes de equipos dixitais non actuais e adquisición de novos						
Valor de partida: (3)	0% equipos actualizados						
Valor previsto e data: (4)	100% equipos actualizados Adquisición de pantalla e proxector				Decembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO2.1: Buscar as necesidades dixitais específicas para a biblioteca.	Equipo directivo Coordinador TIC	Outubro 2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.2: Compra e colocación de pantalla dixital e proxector.	Equipo directivo Coordinador TIC	Decembro 2022	Pantalla dixital Proxector		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO2.3: Actualización dos equipos existentes.	Equipo directivo Coordinador TIC	Decembro 2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: Pedagogía: Implementación na aula							
OBXECTIVO 3: (1)	Recursos dixitais creados de maneira específica polo profesorado para as aulas de educación infantil e educación primaria.					Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC e titores					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxes de recursos creados polo profesorado						
Valor de partida: (3)	Non hai existencias de datos anteriores						
Valor previsto e data: (4)	2 recursos creados para EI 2 recursos creados para EP			Xuño 2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO3.1: Crear recursos dixitais adaptados a Educación Infantil	Coordinador TIC Profesorado EI	Xuño 2023	Software específico		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.2: Crear recursos dixitais adaptados a Educación Priamaria	Coordinador TIC Profesorado EP	Xuño 2023	Software específico		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO3.3: Publicación dos recursos dixitais para a súa aplicación no curso escolar seguinte.	Coordinador TIC Profesorado	Xuño	Recursos creados		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: Pedagogía: Implementación na aula							
OBXECTIVO 4: (1)	Utilización da aula virtual por parte dos titores e o alumnado					Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC e titores					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxes de actividades realizadas						
Valor de partida: (3)	Non hai existencias de datos anteriores						
Valor previsto e data: (4)	5 actividades realizadas por curso				Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)		
AO4.1: Actualizar cursos ou crear cursos	Coordinador TIC Profesorado	Setembro 2022	Aula virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.2: Crear recursos dixitais adaptados e publicalos na Aula Virtual.	Coordinador TIC Profesorado	Decembro 2022	Recursos dixitais Aula Virtual		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.3: Realizar actividades co alumnado na Aula Virtual	Coordinador TIC Profesorado	Xuño2023	Recursos creados Aula Virtual Dispositivos dixitais		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado							
OBXECTIVO 5: (1)	Utilizar programas e entornos que faciliten o aprendizaxe nas diferentes áreas de contido e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos cunha autonomía plena.					Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC e titores					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxes de actividades realizadas						
Valor de partida: (3)	Non hai existencias de datos anteriores						
Valor previsto e data: (4)	4 programas utilizados por curso				Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO5.1: Crear programas adaptados para a aprendizaxe dixital	Coordinador TIC Profesorado	Decembro 2022				Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO5.2: Crear recursos dixitais adaptados	Coordinador TIC Profesorado	Decembro 2022	Recursos dixitais			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado							
OBXECTIVO 6: (1)	Desenvolver estratexias para analizar a veracidade da información.					Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC e titores					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxes de horas lectivas utilizadas						
Valor de partida: (3)	Non hai existencias de datos anteriores						
Valor previsto e data: (4)	25% de sesións no ano				Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO6.1: Crear grupos cooperativos de bosquexo de información.	Titores	Xaneiro 2022			Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO6.2: Crear unha enquisa de de análise de información	Titores	Xaneiro 2022	Software Enquisa dixital		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO6.3: Realizar actividades de bosquexo e determinar a súa veracidade	Coordinador TIC Titores	Xuño2023	Enquisa dixital		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Necesidade	Cantidade	Uso
Ordenador portátil	4	Traballo individual profesorado Sala de mestres
Ordenador portátil	12	Traballo de bosquexo, traballo cooperativo, desenvolvemento de accións propias da materia... O noso centro non pertence a rede E-dixgal por incompatibilidade con dito programa en estrutura física da aula.
Ordenador portátil ou de mesa	2	Traballo de bosquexo e traballo colaborativo Biblioteca Escolar.

4. Avaliación do plan

No contexto da avaliación procesual a frecuencia de realización será unha vez cada dous meses. Levara se a cabo por medio do equipo TIC, que se reunirá. Terase en conta en dita avaliación o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e as posibles modificacións e propostas de mellora.

No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será unha vez ao ano, a finais de curso . Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital de Centro enviarase ao claustro e posteriormente levarase a Consello Escolar para a súa aprobación.

Terminado ese proceso informarase ás familias da implantación do plan e porase a súa disposición de maneira física na secretaría do centro e de maneira dixital na páxina web do centro.